



PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DE

CENTRO: MULLERES QUE CONTARON



Modalidade de Participación 1: Proxecto Documental Integrado anual de centro e coordinado pola Biblioteca Escolar e coa colaboración dos restantes órganos e equipos do centro (EDLG, Tics, complementarias e extraescolares...) e coas familias e membros da comunidade do CEIP PLURILINGÜE DE OCA para o curso 2018-2019.

Índice

A. INTRODUCCIÓN	3
✓ XUSTIFICACIÓN	3
✓ TEMPORALIZACIÓN	3
✓ OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN	4
✓ COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER	4
✓ ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE	5
✓ ORGANIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN	5
B.OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS	6
D.DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO	8
E.REALIZACIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO	9
F.RECURSOS E FONTES PARA A INVESTIGACIÓN	12
G.IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA	13
H.DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA	13
I.AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.	15
J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.	16

A.INTRODUCCIÓN(XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES, CRITERIOS ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, ASÍ COMO AS TAREFAS PREVISTAS, ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE, ORGANIZACIÓN PARA A SÚA TAREFA...).

✓ *Xustificación* O presente curso 2018-19 o Equipo de Biblioteca Escolar xunto co Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Ceip Plurilingüe de Oca xunto co resto dos equipos **tics e extraescolares** decidiron traballar durante este curso 2018/19 e 2019/20 sobre: **MULLERES QUE CONTARON** e que se desenvolverá paralelamente ao proxecto do EDLG titulado **Mulleres Pioneiras Galegas** (xa falecidas) (Proxecto bianual para o vindeiro curso mulleres presentes)

Este curso académico 2018-2019, o claustro do Ceip plurilingüe de Oca decidimos incluír un proxecto bianual de Biblioteca e Dinamización da lingua Galega sobre **Mulleres Pioneiras Galegas** mas antigas, para dar continuidade no vindeiro curso 2019-2020 as **Mulleres Pioneiras Galegas actuais. Unha homenaxe a todas as mulleres** en distintos ámbitos (escritoras, deportistas, científicas , músicas....) da historia Galega..

✓ *Temporalización* para abordar este PDI tivemos en conta este cadro:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Presentación do proxecto	Reparto de traballo por cursos.	Exposición do proxecto cara a comunidade educativa
Investigacións con material aportado polas familias	Decoración do 1º andar do centro	
Decoración da entrada da biblioteca e do centro	Conmemoracións	
Reunións do Equipos		
Investigacións dende as titorías		
Documentación		

✓ *Obxectivos, Contidos, Criterios e Estándares de avaliación:* para o traballo por proxectos a nivel de centro tivéronse en conta numerosos obxectivos, contidos e estándares polos que a continuación expoñemos a modo de exemplo:


Os obxectivos específicos que nos propoñemos acadar con este proxecto son:

- Coñecer a influencia destas mulleres pioneiras na nosa comunidade.
- Valorar a importancia da súa obra na nosa historia.
- Coñecer o papel das mulleres a longo da historia, así como a visibilización progresiva nos diferentes campos.
- Concienciar o alumnado da importancia da igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos..
- Empregar técnicas de recollida de información, tanto a través de material de consulta, enciclopedias, internet..., como de recollida directa do coñecemento popular das persoas que rodean aos rapaces (familia, veciños...)
- Coñecer e valorar a importancia destas mulleres dentro da comunidade galega.
- Ver a relevancia destas Mulleres Pioneiras na nosa historia

✓ *Competencias clave a desenvolver:* para a posta en práctica deste PDI traballamos de xeito transversal todas as competencias clave marcadas pola *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)* e polo *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e o *Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*. A modo de exemplo citamos as seguintes:

- ✚ **Competencia en comunicación lingüística:** mellorando a expresión oral coa exposición dos traballos realizados, pero tamén mellorando de xeito paralelo a comprensión lectora necesaria para a indagación de información.






✚ **Competencia en aprender a aprender:** favorecendo a aprendizaxe individual e grupal.

✚ **Competencia dixital:**

empregamos as tic para a recollida de datos, para a elaboracións dos guións das exposicións, mesmo o alumnado de 5º de educación primaria creou a súa propia presentación.



✓ *Alumnado e profesorado participante:* para a realización desta PDI participou a totalidade do profesorado 6 titores e titoras e mestres e mestras especialistas e itinerantes. En canto ao alumnado tamén participou na súa totalidade, 67 alumnos e alumnas dende Infantil ata 6º de primaria.

✓ *Organización para a súa realización:* repartíronse as tarefas de xeito que os encargados da documentación foron o Equipo de Biblioteca, titores, familias e alumnado. Da cartelería, comunicación de cara a comunidade educativa encargouse o equipo Tic. Tamén se organizou o traballo da seguinte maneira.

Estudárase a seguinte temática:

ED. INFANTIL	PINTORAS QUE FIXERON HISTORIA EN GALICIA.
--------------	---

1º CURSO	DEPORTISTAS DE ELITE NA HISTORIA DE GALICIA
3º/4º CURSO	MULLERES QUE FIXERON HISTORIA NO ÁMBITO DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA.
5º CURSO	MULLERES QUE FIXERON HISTORIA NA CULTURA FEMINISMO
6º CURSO	MULLERES PIONEIRAS NA ARTE E NO TEATRO

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O PROXECTO DE BIBLIOTECA TITULOUSE: MULLERES QUE CONTARON.

Desde o equipo de actividades extraescolares tamén se realizaron saídas a espazos de interese cultural e que estean relacionadas co proxecto (Bibliotecas, casas-museo ,Cidade da Cultura, exposicións de instrumentos musicais...) podendo organizar visitas guiadas e actividades complementarias adaptadas aos grupos (Caderno de Campo para indagar).

O proxecto que presentamos apóiase nos **principios metodolóxicos** que consideramos que se axustan aos nosos obxectivos. Os máis salientables son os seguintes:

✓ **A actividade como fonte principal de aprendizaxe e desenvolvemento integral do neno/a.** Esta é a razón pola que deseñamos actividades de distinta natureza e desempeño cognitivo: observar, asociar, coñecer, comprender, comparar, recoller, conversar, aplicar, crear, difundir...

✓ **A colaboración coas familias.** Como xa dixemos na presentación do proxecto contamos co compromiso de colaboración da **ANPA**. Ademais estableceremos canles de comunicación coas demais familias, como vimos facendo habitualmente, para colaborar na recollida de materiais, vivencias... Tamén contamos, este ano, coa colaboración das familias para a elaboración do mural da entrada do colexio que da inicio ao proxecto e, ao longo do curso, algunhas familias coñecedoras do tema do proxecto participarán a través de conferencias.

✓ **Colaboración con institucións exteriores.** Neste proxecto colaborarase con varias asociacións e organismos. Colaboraremos con **ACOE** (asociación de comerciantes de A Estrada)

✓ **Tratamento das tics.** Como tamén xa indicamos a nosa aposta polas tics na súa vertente informativa, comunicativa, lúdica, creativa e curricular é un compromiso. Abordaremos neste proxecto a creación de códigos QR, a **edición de contido** en galego a través do **blog** e das **redes sociais** da biblioteca escolar do noso centro e a **creación de nubes de tags** sobre o tema do proxecto.

✓ **Respecto pola diversidade.** Buscarase sempre o principio de igualdade de oportunidades, a tolerancia e o respecto cara a diversidade. Ademais o alumnado e as familias coñecerán o proxecto dende distintas perspectivas (ambiental, histórico) contado na nosa lingua.

- **Obxectivos xerais**


- **Cara o profesorado:** fomentar e reforzar o traballo en equipo, potenciar a iniciativa e a capacidade creadora do profesorado integrado no proxecto, mellorar a capacidade de comunicación a través do emprego do código lingüístico dende diferentes rexistros e ámbitos, aumentar de forma significativa a capacidade de pesca en medios bibliográficos en distintos soportes e desenvolver un novo xeito de educar: activo, crítico e solidario.

- **Cara o alumnado:** coñecer a historia da súa contorna como sinal de identidade, fomentar a creatividade, reforzar a utilización do galego non só neste proxecto, xa que os nosos nenos/as son galegofalantes, senón tamén en todos os ámbitos e en todo os contextos ou situacións nas que se atopen ó longo da súa vida e nas súas relacións sociais posteriores e fomentar un alumnado crítico na recollida de información sobre feitos históricos salientables do contexto elixido.

- **Cara a comunidade:** fomentar a coordinación entre Centro e o resto da Comunidade Educativa posibilitando novas canles de participación e convivencia e potenciar o desenvolvemento de actividades que esperten o interese cultural e formativo da Comunidade Educativa.


C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Con este proxecto quixemos investigar sobre as Mulleres Pioneiras Galegas. Durante o mes de outubro, nunha sesión, reunimos a todo o alumnado na Biblioteca para explicarlle conxuntamente (Equipo de Dinamización e de Biblioteca) o proxecto deste ano. A coordinadora de Biblioteca elaborou una presentación en PowerPoint que visionamos durante esta sesión, facendo un percorrido por a historia das nosas mulleres pioneiras, a súa vida, historia, obras ...). Tamén presentamos as mulleres sobre as que ían traballar todo o alumnado. A continuación un extrato de dita presentación. Comenzamos a presentación como non podía ser doutro xeito de ROSALÍA DE CASTRO.



D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Ao longo de todo o curso o Equipo de Biblioteca foi realizando un fondo documental para poder levar a cabo esta PDI. A documentación para o profesorado foi en relación coa organización de actividades, listado de novidades adquiridas para a biblioteca escolar e exposición mensual de libros relacionados coa temática a investigar. A documentación para o alumnado foi en relación con notas e cartes informativos, elaboración dunha presentación en power point do porque deste proxecto e exposición e divulgación entre o alumnado das novidades que se foron adquirindo en relación coas mulleres pioneiras.



E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTE REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

A continuación presentamos as actividades que se desenvolveron en relación a este proxecto.

1. INVESTIGACIÓN SOBRE O PROXECTO: MULLERES PIONEIRAS GALEGAS

Descrición: coa apertura da biblioteca escolar presentóuselle ao alumnado o título do proxecto e tamén se comenzo coa decoración da porta da biblioteca escolar e tamén coa entrada do centro **Cada grupo - clase fará unha primeira recollida de información, pescuda sobre o tema e elaborouse coa axuda do titor/a un guión no se que** estableceron as liñas de traballo para o longo do curso. Os temas escollidos son:

Ed. Infantil : Pintoras que fixeron historia en Galicia- **MARUJA MALLO**

1º: curso: Deportistas de elite que deixaron pegada na historia de Galicia. **IRENE GONZÁLEZ**

3º- 4º curso: Mulleres que fixeron historia no ámbito da música tradicional. **ÁUREA RODRÍGUEZ**

5º curso: Cultura/feminismo: **CONCEPCIÓN ARENAL.**

6º curso: Mulleres Pioneiras no teatro galego. **MARÍA CASARES**

2. CELEBRACIÓN DÍA DAS BIBLIOTECAS . RECITADO DE POEMAS DE AUTORAS GALEGAS

Descrición: Todo o alumnado participou durante toda a semana na selección e exposición de libros de poetisas galegas seguindo a temática do proxecto. Os alumnos/as fixeron un recitado para conmemorar dito día.

3. PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Descrición: Apertura do proxecto para todos os cursos por parte da responsable da biblioteca, onde se expuxo a muller que ía traballar cada curso

4. NOVEMBRO “ MES DA CIENCIA “

Descrición: nas bibliotecas escolares celebramos este mes de Novembro o mes da ciencia. O equipo de biblioteca puxo en marcha aproveitando a nosa temática do proxecto un traballo por parte do alumnado de 5º e 6º de primaria sobre Mulleres CIENTÍFICAS.

Recolleron a información e fixeron un libro itinerante que visitou as casas das familias por semana.

5. AMBIENTACIÓN DO COLEXIO SOBRE O PROXECTO

Descrición: Remate da decoración **da entrada do colexio en torno á temática do proxecto** coa axuda das familias que por cuarto ano consecutivo colaboran co centro nestas actividades.

Logo no 1º andar do centro, cada grupo-clase elaborou un mural que foron **pintados polos alumnos/as supervisados polos seus titores/as.**

6.MOCHILA VIAXEIRA

Descrición: Implicación activa de todos os membros da comunidade.. Por semanas cada alumno/a leva a mochila co material relacionado coa muller sobre a que estudan(libro de contos , poesía , película e un xogo tradicional galego

7. CONTO: A MULLERCIÑA DE PAPEL

Descrición: Os alumnos de 1º curso de E.P farán unha adaptación do conto “O homiño de papel” axudados por EDLG e unha alumna de 6º curso que axudará na ilustración e tamén na representación xa que o alumnado de 6º estivo a estudar a **María Casares** unha pioneira nas artes escénicas.

8. BAILE TRADICIONAL GALEGO. PROMOCIÓN DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

Descrición: No 2º e 3º trimestre levouse a cabo dende a sinatura de Educación física, E.Música e xunto co equipo de Biblioteca e EDLG a ensinanza do baile tradicional galego.No desenvolvemento das sesións, tratarase de ensinar ao alumnado a iniciación aos pasos e estruturas básicas que caracterizan o baile tradicional galego. Tamén se aproveitou para estudar sobre a **MULLER PIONEIRA NA MÚSICA TRADICIONAL: MARÍA ÁUREA RODRÍGUEZ**

9. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Descrición: O día 8 de Marzo os nenos/as do noso centro celebramos o día internacional da muller, e traballamos contidos axeitados a ese día, pero tamén o alumnado de 5º de primaria nos fixo un pequeno resume da muller que estiveron a traballar **CONCEPCIÓN ARENAL** por ser unha revolucionaria ao seu tempo

10.CREACIÓN DE MARCAPÁXINAS: MULLERES QUE CONTARON

Descrición: Creación de marcapáxinas en relación á temática do proxecto MULLERES QUE CONTARON. Difusión das creación a través das librerías da zona (ASOCIACIÓN ACOE). Será o cuarto ano consecutivo que se realice esta actividade dado a boa acollida que tivo o ano anterior.

11. EDICIÓN BLOG ESCOLAR

Descrición: Edición de contido dixital a través do blog

<http://biliotecadapalabrasmaxicas.blogspot.com.es/>

12. XORNADA DE PORTAS ABERTAS. FIN DE PROXECTO

Descrición: Realización dunha xornada aberta á comunidade onde cada curso expón todo o traballado sobre o proxecto utilizando murais, powerpoints, vídeos...



F. RECURSOS UTILIZADOS ASI COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Para levar a cabo todas as actividades que fixeron posible este proxecto, os recursos que se empregaron foron múltiples e diversos. A modo de exemplo empregamos material funxible como ceras de cores, folios, cartoliñas, pinceis, témperas... Os recursos dixitais que empregamos foron impresoras, cámaras de fotos (non dispoñemos de tabletas), encerado dixital ou programas informáticos como procesadores de texto. Os recursos persoais dos que dispuxemos foron os titores e especialistas, familias, persoal non docente e distintas asociacións coas que intercambiamos información. Temos que facer mención aos espazos que mais empregamos que foron a biblioteca e a aula de informática, a parte das aulas nas que se desgranou todo o traballo que finalmente resultou.

As **fontes consultadas** para o desenvolvemento da investigación foron:

- Pioneiras: Galegas que abriron camiño (Infantil E Xuvenil - Pequeno Merlín - Albums)
- Pioneiras 2: Galegas que abriron camiño (Infantil E Xuvenil - Pequeno Merlín - Albums)
- Mulleres bravas da nosa historia. Editorial Urco

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/system/files/100mulleres.pdf>

<http://bilibotecadapalabramaxicas.blogspot.com/2019/03/novidades-na-biblioteca.html>

<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=999>

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2018/03/06/100-gallegas-conoces-deberias/00031520358226883547349.htm>

G.IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.

Maioritariamente e, tanto a nivel individual como a través dos seus representantes no Consello Escolar e na Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as, obsérvase unha boa disposición este PDI.

Salientar que todo o profesorado estivo implicado neste proxecto, así como o **Equipo Directivo**, o que garanteu unha **implicación total de todo o alumnado**. Tamén formaron parte deste equipo de dinamización persoal non docente, o **conserxe**, e a **ANPA** (que colaborou en todo momento connosco) e diversas **asociacións** da zona. Tamén a colaboración entre os distintos Equipos do centro e a totalidade do claustro foi fundamental

<http://bilibotecadapalabramaxicas.blogspot.com/2019/02/caminando-no-proxecto-mulleres-que.html>

H.DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Ao longo deste curso e deste proxecto plantexámonos que a información e a difusión deste proxecto de cara a comunidade educativa tiña ser que primordial a través da reunión de principio de curso para as familias onde xa se lle comunicou dito proxecto. Conforme foi pasando o curso houbo unha colaboración constante a través da difusión das actividades a través do blogue da biblioteca escolar, da prensa local, das comunicacións en formato papel ou a través de Tokkap e como non a través da xornada de portas abertas para as exposicións.

O xoves 20 de xuño de 2019 convocouse á toda a comunidade educativa para a xornada de portas abertas e polo tanto para a presentación e exposición do proxecto documental integrado sobre as MULLERES QUE CONTARON

<http://bilibotecadapalabramaxicas.blogspot.com/2019/06/exposicion-proxecto-documental.html>

EDUCACIÓN INFANTIL: PINTORAS QUE FIXERON HISTORIA EN GALICIA.: Os nenos e nenas de E. Infantil traballaron e investigaron sobre as Pintoras que fixeron historia en Galicia , centrándonos en unha pintora surrealista da xeración do 27.: **MARUJA MALLO**. Estudaron a súa obra (la verbena, Antro de Fósiles, Selvatro Airagu... entre outras. Con todo o material traballado elaboraron un mural coa información recollida



1º CURSO: DEPORTISTAS DE ÉLITE NA HISTÓRIA DE GALICIA: Os nenos-as de 1º curso estiveron investigando sobre mulleres pioneiras da historia de Galicia, centráronse nunha gardameta do fútbol na década de 1920 **Irene González Basanta** (considerada como a 1ª xogadora galega e española de Fútbol.) Tamén elaboraron un mural alusivo á temática.



3º/4º CURSO : MULLERES QUE FIXERON HISTÓRIA NO ÁMBITO DA MÚSICA. Neste curso 2018/19 o alumnado 3º e 4º curso traballamos a primeira gaitera coñecida, Áurea Rodríguez. Investigamos sobre as súas orixines e a súa vida consultando diferentes tratados históricos así como Cancioneiros Populares Galegos. Afondamos nas diferentes dificultades que viviu e as decisión que tivo que tomar para



sacar a súa familia adiante, feito que a fixo ser recoñecida non só na súa terra senón tamén en gran parte de España.O alumnado recopiou a información non só en formato físico , o cal aproveitamos para realizar un mural, senón tamén de maneira dixital para realizar unha presentación en Prezi en xornada de portas abertas que realizaremos no centro.

5º CURSO: CONCEPCIÓN ARENAL (UNHA FEMINISTA DO SÉCULO XX).

En 5º curso de primaria traballamos sobre Concepción Arenal, xa que con ela naceu o feminismo en España. Descubrimos que, dende moi nova, loitou por romper coas normas establecidas para a muller, rebelándose contra a tradición marxinal do sexo feminino e reivindicando a igualdade de dereitos en todas as esferas sociais. Con todo o recollido fixemos unha presentación de power point.



6º CURSO : MULLERES PIONEIRAS NA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA. MARÍA CASARES.

O alumnado de 6º E. Primaria investigaron sobre María Casares (actriz do teatro e cine que no século XX triunfou no exilio en Francia.). Fixeron un percorrido no tempo da súa vida e obra, para elaborar un mural.



I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

A avaliación desenvolverase a partir dos obxectivos formulados de forma operativa, tal e como se describen neste proxecto e terá un carácter continuo, global, e atendendo ás seguintes fases:

a) *Avaliación inicial:* Antes de iniciar as actividades, farase necesaria unha valoración de entrada que nos permitirá constatar o nivel de coñecementos do alumnado.

b) *Avaliación continua:* Ao longo de todo o proceso irase mantendo reunións periódicas para constatar o nivel de aprendizaxe, adecuación dos obxectivos, modificacións oportunas de seren necesarias, novas achegas....*A finalidade desta avaliación será introducir os cambios que se consideren necesarios para posibilitar a incidencia da escola na contorna social.*

c) *Avaliación de final:* O obxectivo desta avaliación será comprobar, a validez ou non, da súa incidencia no noso Proxecto Educativo. Incluiremos escalas de valoración descritiva respecto a cada obxectivo e a cada actividade.

Formarán parte desta avaliación: a Comunidade Educativa (Claustro e Consello Escolar) e os/as profesores/as participantes no proxecto.

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

INCLUIRANSE MATERIAL GRÁFICO (FORMATOS JPG OU PNG), MATERIAIS ELABORADOS DESDE A BIBLIOTECA OU DIRECTAMENTE POLO ALUMNADO, EN ARQUIVO PDF, OU UNHA DIRECCIÓN URL NO QUE ESTÁN ALOXADOS E SE PODEN CONSULTAR; O MATERIAL MULTIMEDIA ELABORADO, EN ARQUIVOS SWF, FLV, MP4, IDP, PPT, ASÍ COMO O ENDEREZO DO ESPAZO WEB QUE, NO SEU CASO, RECOLLA OS RECURSOS EMPREGADOS E OS PRODUTOS FINAIS DO PROXECTO.

Todos os materiais están expostos no blogue da biblioteca escolar <http://bilibotecadaspalabramaxicas.blogspot.com/search/label/PROXECTO%20MULLERES%20QUE%20CONTARON>